



BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE NA ROMARÍA DE SAN COSME E SAN DAMIÁN 2019.

PRIMEIRO: ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios que rexen a autorización e instalación dos postos temporais de venda en espazos de uso público municipais destinados a venda de produtos autorizados para a Romaría de San Cosme e San Damián 2019 e que se rexen pola lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia e pola ordenanza fiscal nº 17, reguladora da taxa por ocupación de dominio público con postos, barracas, casetas de venda e espectáculos ou atraccións ambulantes no concello de Baiona.

Para establecer a taxa a liquidar se aplicará a ordenanza fiscal nº 17 do concello de Baiona que resumimos no seguinte cadro:

DESCRIPCIÓN DOS POSTOS	Nº DE POSTOS	PREZO TAXA (25 e 26 de setembro de 2017)	UBICACIÓN
Venda de mel, noces, produtos do campo, velas, herboristería e cosmética natural, ect.	30 tenderetes do Concello (2x1 m)	<u>Temporada baixa:</u> 1,45.-€ m2 (25 de setembro) <u>Festas Locais:</u> 4,83.-€ m2 día (26 de setembro) TOTAL TAXA: 6,28.-€ m2 os dous días	Praza de Santa Liberata
Venda de postos de comida: rosquilla, queixos, embutidos, garapiñadas e algodón de sucre, etc.	30 postos	<u>Temporada baixa:</u> 1,45.-€ m2 (25 de setembro) <u>Festas Locais:</u> 4,83.-€ m2 día (26 de setembro) TOTAL TAXA: 6,28.-€ m2 os dous días	Praza Santa Liberata e rúa Marqués de Quintanar
Venda de artesanía: bixutería, coiro, xoguetes artesanais, marionetas, antigullas, libros usados, etc.	20 postos	<u>Temporada baixa:</u> 1,45.-€ m2 (25 de setembro) <u>Festas Locais:</u> 4,83.-€ m2 día (26 de setembro) TOTAL TAXA: 6,28.-€ m2 os dous días	Rúa Marqués de Quintanar
Venda de prantas-Viveiros, etc	2 postos	<u>Temporada baixa:</u> 1,45.-€ m2 (25 de setembro) <u>Festas Locais:</u> 4,83.-€ m2 día (26 de setembro) TOTAL TAXA: 6,28.-€ m2 os dous días	Rúa Marqués de Quintanar



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

Atraccións de feira: caseta de tiro, cadeas, gomas, inchables, etc.	5 postos	<u>Temporada baixa: (25 de setembro)</u> Mínimo: 25 m ² /día 9,66.-€ Exceso: 0,97.-€ m ² o fracción día <u>Festas Locais: (26 de setembro)</u> Mínimo: 25 m ² /día 100,00.-€ Exceso: 5,00.-€ cada m ² o fracción/día	Praza de Santa Liberata
---	----------	---	-------------------------

SEGUNDO: DATAS, UBICACIÓN E HORARIO DE OCUPACIÓN.

As datas da celebración da Romaría de San Cosme e San Damián 2019, serán o mércores 25 e o xoves 26 de setembro de 2019.

O horario autorizado será dende as 10:00h da mañá ata ás 22:00h da noite durante os dous días, debendo retirarse a instalación da vía pública unha vez remate a Romaría.

A Concelleira de Cultura no uso das súas facultades atribuídas nas disposicións aplicable na materia e cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá tanto ampliar como limitar o período de ocupación indicado nas presentes bases.

TERCEIRO: REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa e no caso de estar exentos, estar dados de alta no censo de obrigados tributarios. Así mesmo, deberá acreditar estar ao corrente coas obrigacións tributarias da AET e coa Facenda Pública.
- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente do pago das cotizacións.
- Cumprir coas condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de formación en materia de manipulación de alimentos.
- Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- Dispor dos permisos de residencia e traballo que en cada caso, foxen esixibles, si se tratase de persoas estranxeiras.
- Seguro de Responsabilidade Civil.

CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE/DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1.- As solicitudes deberán presentarse do 13 ao 23 de setembro de 2019 por rexistro de entrada do Concello en horario de 9:00-14:00h, ou pola Sede Electrónica.

Máis información:

- Teléfono : 986385921 departamento de Cultura de Baiona

Rúa Lorenzo de la Carretera, 17 36300 BAIONA (Pontevedra) Telf: 986 38 50 50 Fax: 986 35 74 74
www.baiona.org info@baiona.org



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

- Páxina web do concello: www.baiona.org

2.- As persoas interesadas en obter autorización para a instalación dos postos de venda na Romaría de San Cosme e San Damián 2019 deberán presentar a solicitude oficial por rexistro de entrada no concello segundo modelo recollido no Anexo I, e acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF do solicitante ou documento acreditativo análogo expedido no Estado membro da UE ou permiso de traballo e residencia en vigor na data da solicitude.
- No caso no que o solicitante actuase mediante representante, copia do D.N.I. ou documentación equivalente do representante, así como a acreditación do poder de representación có que actúa.
- No caso de empresas fotocopia do CIF
- Declaración responsable segundo o modelo Anexo II
- Xustificante do pago da taxa. O importe sinalado nas bases reguladoras, ingresarase no nº conta corrente ES23 2080 5015 6131 1002 4243
- No caso de solicitudes de postos de atraccións de feira deberá aportarse, ademáis:
 - Informe técnico acreditativo de que a instalación ou estrutura móbil cumpre as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade consonte a normativa aplicable ou copia da documentación ITV ou documento análogo do estado de idoneidade.
 - Póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante da mesma polos riscos derivados das actividades a realizar por posibles danos a terceiros e ao persoal que preste os seus servizos, así como ao público asistente en su caso.

3.- Non obstante, unha vez rematado prazo de presentación de instancias, con carácter extraordinario e dada as peculiaridades da Romaría de San Cosme e San Damián poderanse admitir as solicitudes xunto coa declaración xurada cuberta o mesmo día da celebración da Romaría que entregarse ao persoal municipal que outorgará o espazo, previo pago da taxa correspondente.

Únicamente admitirase unha solicitude por persoa.

QUINTO: PRODUTOS AUTORIZADOS.

Permítese exclusivamente a venda de produtos procedentes do campo como mel, noces, froita, velas, produtos ecolóxicos, cosméticos, garapiñadas, algodón de sucre, rosquillas, embutidos, artesanía feita a mán (bisutería, coiro, barro, corda, gomaeva, tea, madeira, ferro e metal), antigallas, plantas, etc.

SEXTO: REQUISITOS E EMPRAZAMENTO.

Os postos se axustarán ao disposto nas regulamentacións técnico sanitarias específicas e ademais normativa reguladora aplicable.

En todo caso deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supor un risco para os usuarios, os



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

viandantes e para os bens públicos ou privados.

Os postos de venda situaranse no entorno da praza de Santa Liberata e na rúa Marqués de Quintanar, ata a Glorieta de Colón.

A rúa Marqués de Quintanar cortarase ao tráfico rodado dende o mércores 25 de setembro a primeira hora da mañá ata o mércores 26 de setembro a última hora da noite.

SÉPTIMO: ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS.

Rematado o prazo de instancias, o día 24 de setembro de 2019 ás 12:00 horas procederase a concesión das autorizacións dos postos da Romaría de San Cosme e San Damián que publicárase na páxina web do Concello.

No suposto previsto no apartado terceiro da cláusula cuarta, a licenza ou autorización de venda será substituída polo recibo de pago da taxa correspondente que realizárase os propios días da Romaría.

Dito recibo indicará o nome e os apelidos do adxudicatario, así como o detalle do produto que se porá a venda, m² de ocupación e a taxa a abonar.

O pago da taxa e a obtención do recibo correspondente realizarase na propia Romaría por persoal autorizado do Concello de Baiona habilitado para tal efecto.

A persoa titular da autorización deberá ter exposta ao público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, os seguintes documentos:

- Recibo do pago da taxa correspondente.
- Unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

OCTAVO: CONDICIÓN PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS.

As autorizacións concédense para os días 25 e 26 de setembro de 2019.

-Montaxe: Os postos montaranse entre as 7 e 11 horas da mañá do día 25 de setembro, salvo autorización expresa do Departamento de cultura de Baiona para efectualo na véspera pola tarde.

-Desmontaxe: realizarase unha vez rematado a Romaría e non antes das 21:00h do 26 de setembro de 2019.

- A limpeza do espazo ocupado, así como a recollida de residuos que se xeren como consecuencia do uso que se solicita, deberá ser asumida pola persoa titular da autorización e o lugar utilizado deberá quedar nas mesmas condicións de uso e limpeza nas que os atopou.
- A persoa titular da autorización está obrigada a desempeñar persoalmente a actividade e deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade a realizar.
- O Concello de Baiona poderá comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións recollidas na Resolución mediante a correspondente inspección.
- A persoa titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do exercicio da actividade obxecto da autorización.
- Non se utilizará ningún anclaxe sobre o pavimento, debendo protexer o mesmo



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

debidamente.

- Non se permitirá a reprodución de música nin o uso de aparellos de megafonía salvo os autorizados pola organización.
- Non se permitirá a publicidade distinta da do propio adxudicatario do posto, nin nos postos, nin nos elementos auxiliares.
- As persoas adxudicatarias deberán atender en todo momento as indicación da Policía local e dos responsables do Concello de Baiona.

NOVENO: Ordear a súa publicación na páxina web do concello de Baiona e no Boletín Oficial da Provincia.”

D. Carlos Gómez Prado, en Baiona, na data sinalada na marxe deste documento asinado electronicamente.